



FICHA DIDÁCTICA A COR DOS SENTIDOS



Poden as cores ser as protagonistas dun libro en branco e negro? *A cor dos sentidos* é unha reflexión moi imaxinativa e alegre sobre as cores que nos rodean. Só é preciso fechar os ollos para descubrir que podemos experimentalos doutro xeito, con outros sentidos diferentes á vista: azul é o son do mar; violeta, o recendo das flores; vermello, o calor dunha fogueira... Un álbum ilustrado e de textos moi líricos, que nos convida a observar o mundo a través das sensacións.

Texto: Gustavo Roldán

Ilustracións: Gustavo Roldán

Tradución: Xosé Duncan

Idioma: Galego

Encadernación: Tapa dura

IBIC: YBCH

Medidas: 16,3 x 21,9 cm

Páxinas: 32

ISBN: 978-84-10049-12-3

PVP: 16,00 €

Antes da lectura...

- Enumerar os **cinco sentidos** e a que parte do corpo corresponde cada un deles.
- Facer unha relación con todas as **cores** que coñecen, e algo que sexa desa cor para identificala.
- Explicar **que é a sinestesia**, a particularidade que teñen algunhas persoas que experimentan sensacións con outros sentidos diferentes aos habituais. Por exemplo, poden asociar un son cunha cor, unha letra cunha cor...





Despois da lectura...

- Seguindo coas cores que se mencionan no libro, que é o que ven eles cando pensan en cada unha? Facer un exercicio: fechar os ollos e describir que é o que imaxinan cando pensan na cor violeta, na laranxa, na azul...
- Facer agora o contrario: en que cores pensan eles cando se describen sensacións como as do libro?
- Para o protagonista do libro, “azul é o murmurio silandeiro que me rodea cando me mergullo no mar”. Pero, de que outras cores pode ser o mar?
- Cal é a súa cor favorita e por que? Lémbbralles a algo que lles guste moito? E a cor que menos lles gusta?

